



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO.-

De conformidade e co disposto nas bases da convocatoria para a selección de persoal laboral temporal de apoio ao servizo de mantemento de zonas naturais e espazos públicos, no marco do programa "Depuemprego 2016-2017", financiado pola Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro do convenio de colaboración asinado, no B.O.P. número 31 do 7 de febreiro do actual, publicáronse as bases da convocatoria, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol (www.concellodefriol.es). De conformidade co disposto nas mesmas, as sucesivas publicacións terán lugar unicamente na páxina web, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Friol.

Visto que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicouse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Friol a resolución 16 de febreiro do actual, na que se procede a rectificación das coantías das puntuacións, se aproba a relación definitiva de admitidos no proceso de selección (debido a non existencia de excluídos), se designa órgano encargado de selección e se convoca para a realización as probas en chamamento único par ao vindeiro día 21 de febreiro ás 10:00 Horas no Centro Sociocultural de Friol.

Visto que no día de hoxe recibíronse no rexistro de entrada do Concello de Friol dúas solicitudes presentadas en tempo e forma no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia de Dona Ana Belén Paraja Suárez e Don Óscar Vilariño Ramos. Visto o apartado 4.5 das Bases de Convocatoria onde literalmente dí "(...) *Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do Concello de Friol se deberá remitir ao Fax do Concello de Friol (982375206) antes da data de expiración do prazo o documento xustificativo correspondente. (...)*".

Visto que non se remitiu vía Fax do Concello de Friol, antes da data de expiración do prazo de ningún documento xustificativo correspondente da presentación da solicitude no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia de Dona Ana Belén Paraja Suárez e de Don Óscar Vilariño Ramos

Visto do anteriormente exposto do devandito proceso de selección para a contratación dos seis traballadores no marco do programa "Depuemprego 2016-2017" en uso das facultades que me son conferidas pola vixente lexislación de réxime local,

DECRETO:

Incorporar á relación definitiva de admitidos aos dous aspirantes que presentaron a súa solicitude no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, no prazo establecido na convocatoria e aínda que non cumpriran co establecido nas bases no senso de comunicar tal presentación vía fax ao Concello de Friol:

- Dona Ana Belén Paraja Suárez con D.N.I. número 10.899.677-T
- Don Óscar Vilariño Ramos Con D.N.I. número 47.357.789-F

De igual xeito procederase no caso de que se reciban máis solicitudes con anterioridade á celebración das probas convocadas para o vindeiro día vinte e un de febreiro ás 10:00 horas no Centrosociocultural de Friol.

En cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, procederase á súa publicación o presente Decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Friol.

O que manda e asina en Friol a dezasete de febreiro de dous mil dezasete.